

ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN E HIXIENE FRONTE Á COVID-19 PARA O CURSO 2020-2021

01/09/2020

O Plan de prevención e hixiene fronte á COVID-19 para o curso 20-21 dos centros da Universidade da Coruña é un documento en revisión permanente en función da evolución dos feitos e da nova información de que se dispoña respecto da enfermidade e das instrucións que se reciban das autoridades competentes.

A Consellería de Sanidade, na súa Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG do 18 de xullo de 2020), indica entre outras o seguinte:

Dous. Modifícase o número 1.3 do anexo, que queda coa seguinte redacción:

1.3. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

a) Obriga xeral.

*Para as persoas de seis ou máis anos será **obligatorio o uso da máscara en todo momento**, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, **aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros**.*

Así mesmo, de conformidade co artigo 6.1.b) do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso de máscara nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús ou por ferrocarril, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor.

b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) No caso de colectivos artísticos que desenvolvan actos e espectáculos culturais, aplicaranse as regras específicas do número 2.9 e, respecto da produción e rodaxe de obras audiovisuais, aplicaranse as medidas previstas no número 2.10.

3ª) No caso dos coros e agrupacións vocais de canto, das orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, da celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares e da actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza, observarase o indicado especificamente nas medidas recollidas nos números 2.11, 2.12, 3.33 e 3.41, respectivamente.

4ª) Nos centros docentes observarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no correspondente protocolo.

Código Seguro De Verificación	tmLKDqbT+J7jB5tYmz+gsw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	01/09/2020 12:43:29
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tmLKDqbT+J7jB5tYmz+gsw==		



O 31 de agosto de 2020 publicase actualización das recomendacións do Ministerio de Universidades á Comunidade Universitaria para adaptar o curso universitario 2020-2021 a unha presencialidade adaptada e medidas de actuación das Universidades ante un caso sospeitoso ou un positivo de COVID-19.

Neste documento anéxase o documento actualizado e elaborado conxuntamente polo Ministerio de Sanidade e polo Ministerio de Universidades, coas medidas de prevención e hixiene fronte á COVID-19 para centros universitarios nel curso 2020-2021, que indica no seu punto 2c que:

É obrigatorio o uso da máscara para todas as persoas que accedan ao centro e en todos os espazos do centro, durante a permanencia no mesmo, seguindo as recomendacións da autoridade sanitaria e a normativa vixentes en cada Comunidade Autónoma, e insistindo na súa correcta utilización. Recoméndase o uso da máscara hixiénica, a poder ser reutilizable, para alumnado, profesorado e persoal administrativo de servizos.

De forma xeral, a obrigación contida no parágrafo anterior non será aplicable nos seguintes supostos:

- a) Persoas que presenten algún tipo de dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso de máscara.*
- b) Persoas nas que o uso de máscara resulte contraindicado por motivos de saúde debidamente xustificadas.*
- c) Persoas en situación de discapacidade ou dependencia que non poidan quitarse a máscara se precisan.*
- d) Persoas que presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.*
- e) Desenvolvemento de actividades nas que, pola propia natureza destas, resulte incompatible o uso da máscara.*

Co fin de actualizar os plans de prevención e hixiene fronte á COVID-19 para o curso 2020-21 dos centros da Universidade da Coruña á normativa vixente no referente ao uso de máscaras hai que indicar que:

É obrigatorio o uso da máscara para todas as persoas que accedan ao centro e en todos os espazos do centro, durante a permanencia no mesmo, seguindo as recomendacións da autoridade sanitaria e a normativa vixentes en cada Comunidade Autónoma, e insistindo na súa correcta utilización. Recoméndase o uso da máscara hixiénica, a poder ser reutilizable, para alumnado, profesorado e persoal administrativo de servizos.

Esta obrigación non será aplicable aos supostos indicados no documento actualizado o 31 de agosto de 2020 coas recomendacións do Ministerio de Universidades á Comunidade Universitaria para adaptar o curso universitario 2020-2021 a unha presencialidade adaptada e medidas de actuación das Universidades ante un caso sospeitoso ou un positivo de COVID-19.

Por tal motivo deberase substituír no documento todas as referencias ao uso non obrigatorio da máscara no centro coa excepción dos supostos antes indicados ou que o persoa estea nun despacho de uso individual e sen presenza de outras persoas.

A Coruña a 1 de setembro de 2020

Código Seguro De Verificación	tmLKDqbT+J7jB5tYmz+gsw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	01/09/2020 12:43:29	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tmLKDqbT+J7jB5tYmz+gsw==			